

VALENTÍN PAZ ANDRADE

## BIOGRAFÍA

Paz Andrade nace en Lérez, Pontevedra o 23 de abril de 1898 e fina en Vigo o 19 de maio de 1987.

Influenciado polo seu tío Juan Bautista decide estudar Dereito en Santiago e, será tamén este, quen lle presente a Castelao.

En 1919, entra en contacto co movemento Galeguista chegando en 1934, a ser presidente deste partido .

Entre 1922 e 1926, foi director do xornal "Galicia".

En 1931, colaborou na redacción do anteproxecto do Estatuto de Autonomía.

Co estalido da guerra civil e, debido a súa condición de avogado, defensor de numerosos intelectuais, sufrirá o desterro a diversas localidades: Verín, Trives, Castro Caldelas ou Badaxoz. Será precisamente en Trives onde coñecerá a Pilar Rodríguez Prada, con quen casa en 1939 e terá ao seu único fillo Alfonso Paz Andrade.

En 1942, converteuse en director da revista "Industrias Pesqueras".


Foi ademais, impulsor do grupo industrial Pescanova, converténdose en 1960, no seu director.

Publicou numerosos artigos en "Faro de Vigo" e "La Noche" baixo o pseudónimo de M., Xan Quinto e Mareiro.

Colaborou nas revistas Ensino, Grial e Outeiro.

En 1964 foi nomeado membro da Real Academia Galega.

Paz Andrade organizou o faladoiro do Café "Alameda" de Vigo, onde se reunía con diversos intelectuais: Laxeiro, Fernández del Riego, Prego de Olivier ...



## PROGRAMA DE ACTIVIDADES

# LETRAS GALEGAS

## 2012

DEDICADAS A:  
VALENTÍN PAZ ANDRADE



CEP PLURILINGÜE IGREXA-VALADARES  
VIGO

## PROGRAMA DE ACTIVIDADES

### DÍA 14 DE MAIO:

- ◆ Inicio do concurso LETRAS GALEGAS 2012 “As Olimpíadas do saber”. Preguntas diarias para resolver con axuda dos pais/nais. Remata o martes 22.
- ◆ Exposición, nas cortizas exteriores da biblioteca, dos materiais elaborados nos obradoiros realizados ao longo do curso.

## LETRAS GALEGAS 2012

### 15 DE MAIO

- ◆ Exposición nas cortizas exteriores das aulas, das caricaturas de Valentín Paz Andrade.
- ◆ Actuación do grupo “Amieiras” do Centro Cultural de Valadares ( 11:00 h.)

### DÍA 22 E 25 DE MAIO

- ◆ Celebración da semifinal e gran final do Galeoke 2012. Cancións populares galegas interpretadas polo alumnado do colexio. Data límite de inscrición o 11 de maio.
- ◆ Do 21 ao 25 de maio concurso “Valentín Paz Andrade”. (Recoller díptico na biblioteca)

### DÍA 16 DE MAIO:

- ◆ Presentación da obra “Xan das Ondas”, de 10:30 a 12 h., para todo o colexio, a cargo da empresa Barafunda Animación.
- ◆ Distribución do número 32 da Revista Escolar O Alba.


### DURANTE TODA A SEMANA, ACTIVIDADES NA AULA CENTRADAS EN PAZ ANDRADE

#### RECURSOS:

- ◆ Unidade Didáctica do EDLG do centro.
- ◆ LIM sobre Paz Andrade exposto na páxina web do colexio, elaborado polo 1º ciclo e EDLG.
- ◆ Unidade Didáctica e carteis aportados pola Consellería de Educación.
- ◆ DVD recopilatorio do “Ben falado!” microespazo da TVG sobre a lingua galega.
- ◆ [bibliobaralla.blogspot.com](http://bibliobaralla.blogspot.com)
- ◆ [www.seminariogalan.com](http://www.seminariogalan.com)
- ◆ [Charcalibros.blogspot.com](http://Charcalibros.blogspot.com)
- ◆ [Espazo\\_web\\_valentín\\_paz\\_andrade](http://Espazo_web_valentín_paz_andrade)

VALENTÍN PAZ ANDRADE

#### OBRAS REALIZADAS:



#### NARRATIVA:

Soldado da morte (1921)

#### POESÍA:

Pranto matricial (1954), dedicada a Castelao.

Sementeira do vento (1968), homenaxe á paisaxe, aos galegos, ao amor ausente e ao exilio.

Cen chaves de sombra (1979)

Cartafol de homenaxe a Ramón Otero Pedrayo (1985)

#### ENSAIO:

Galicia como Tarea (1959)

La anunciación de Valle-Inclán (1967)

Castelao na luz e na sombra (1982)

La Marginación de Galicia (1970)

Galiza lavra a súa imaxe (1985)